

PROGRAMA ARAO

INFORME FINAL 1991



PROGRAMA DE CONSERVACION DO ARAO IBERICO
SUBVENCIONADO POLA COMUNIDADE EUROPEA





PROGRAMA ARAO

INFORME FINAL

Un proxecto financiado pola Dirección Xeral do
Medioambiente da Comunidade Europea
*Un proyecto financiado por la Dirección General del
Medioambiente de la Comunidad Europea*

Publicación subvencionada pola Consellería de
Agricultura, Xunta de Galicia
*Publicación subvencionada por la Consellería de
Agricultura, Xunta de Galicia*

1991

INDICE XERAL * INDICE GENERAL

PROGRAMA ARAO	1
ÍNDICE XERAL / ÍNDICE GENERAL	3
LIMIAR / PROLOGO	5
OBXECTIVOS / OBJETIVOS	8
I. Avaliación do estatus do Arao dos cons na Iberia / <i>Evaluación del estatus del Arao común en Iberia</i>	8
II. Campaña de divulgación	8
ESTRUCTURA DO PROGRAMA / ESTRUCTURA DEL PROGRAMA	9
I. ESTUDIO DE CAMPO	9
i. Censos	9
ii. Enquisas/Encuestas	9
iii. Inspección costeira/Inspección costera	9
II. CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN	9
III. CAMPAÑA INSTITUCIONAL	10
RESULTADOS	11
CENSOS	13
Ribadeo- Ria de Ferrol	13
Ria De Ares - Cabo Vilan	13
Cabo Vilán - Fisterra - Ría de Arousa	15
Ría de Arousa - Desembocadura do Río Miño	15
Portugal	16
Avaliación / Evaluación	18
INSPECCION COSTEIRA / INSPECCION COSTERA	18
ENQUISAS / ENCUESTAS	18
CAUSAS DA REGRESION DO ARAO IBÉRICO / CAUSAS DE LA REGRESIÓN DEL ARAO IBÉRICO	27
Artificiais/Artificiaes	29
Naturais/Naturales	32
Conclusións/Conclusiones	37
RECOMENDACIONES / RECOMENDACIONES	39



FOTOGRAFÍAS _____	43
ANEXO 1: CARACTERÍSTICAS DOS ÁLCIDOS / <i>CARACTERÍSTICAS DE LOS ÁLCIDOS</i> _____	47
ANEXO 2: CARACTERÍSTICAS DO ARAO DOS CONS <i>CARACTERÍSTICAS DEL ARAO COMUN</i> _____	51
ANEXO 3: BIOLOXIA DE CRIA DO ARAO DOS CONS <i>BIOLOGÍA DE CRÍA DEL ARAO COMÚN</i> _____	59
ANEXO 4: REFERENCIAS _____	67
Realización do Programa Arao _____	71
ANEXO 5: INDICE ANALÍTICO _____	73

LIMAR

PRELIMINARES

LIMIAR

O Arao dos Cons (*Uria aalge*) é unha das especies de aves mariñas que aniñan nos máis de 1.200 kms de costas galegas.

Porén, ó contrario doutros casos, o Arao atópase nunha difícilísima situación como especie niñificante en Iberia por amosa-las súas poboacións un declive constante ^{2,3,4,5,6,17,18} nos derradeiros trinta anos.

Para tentar un mellor coñecemento das razóns desta situación e estudia-las súas posibles solucións, proxectouse e realizouse o PROGRAMA ARAO.

O Programa foi realizado por tres entidades naturalistas de Galicia, a Sociedade Galega de Historia Natural, o Grupo Naturalista Hábitat e o Grupo Erva, en colaboración estreita coa Sociedad Española de Ornitología.

O proxecto contou co soporte económico para a súa realización da Dirección Xeral do Medio Ambiente da Comisión das Comunidades Europeas, a través do financiamento comunitario de accións urxentes para a salvagarda de especies en perigo.

PRELIMINARES

*El Arao común (*Uria aalge*) es una de las especies de aves marinas nidificantes en los más de 1200 kms de costas de Galicia.*

Pero al contrario de otros casos, el Arao se encuentra en una difícilísima situación como especie nidificante en Iberia, al mostrar sus poblaciones un declive constante ^{2,3,4,5,6,17,18} en los últimos treinta años.

Para intentar una aproximación al conocimiento de las razones de esta situación y estudiar sus posibles soluciones se ha proyectado y realizado el PROGRAMA ARAO.

El Programa ha sido realizado por tres entidades naturalistas de Galicia, la Sociedade Galega de Historia Natural, el Grupo Naturalista Hábitat y el Grupo Erva, en colaboración estrecha con la Sociedad Española de Ornitología.

El proyecto ha contado con el apoyo financiero de la Dirección General del Medio Ambiente de la Comisión de las Comunidades Europeas, a través del financiamiento comunitario para acciones urgentes para la salvagarda de especies en peligro.

OBXECTIVOS

Os obxectivos principais do Programa Arao dirixíronse á pescuda dos seguintes problemas:

I. AVALIACIÓN DO ESTATUS DO ARAO DOS CONS NA IBERIA.

- Realización dun censo actualizado da especie.
- Estimación da incidencia sobre o Arao da contaminación por petróleo.
- Aproximación ó coñecemento das posibles causas da merma acelerada das poboacións ibéricas do Arao dos Cons na segunda metade do presente século.

II. CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN

- Elaboración de material gráfico (cartel, tríptico informativo e adhesivos) sobre a especie.
- Edición dun videocasete e unha colección de diapositivas divulgativas.
- Realización dunha campaña divulgativa dirixida a mariñeiros e á poboación escolar dos principais portos pesqueiros galegos.

O Programa desenvolveuse nas tempadas de nidificación de 1988 e 1989, para o traballo de campo (censos e enquisas) e nos cursos escolares 88-89 e 89-90 para a campaña divulgativa.

OBJETIVOS

Los objetivos principales del Programa Arao se han encaminado a dirimir los siguientes problemas:

I. EVALUACIÓN DEL ESTATUS DEL ARAO COMUN EN IBERIA

- *Realización de un censo actualizado de la especie.*
- *Estimación de la incidencia sobre el Arao de la contaminación por petróleo.*
- *Aproximación al conocimiento de las posibles causas del decremento acelerado de las poblaciones ibéricas del Arao común en la segunda mitad del presente siglo.*

II. CAMPAÑA DE DIVULGACION

- *Confección de material gráfico (cartel, tríptico informativo y adhesivos) sobre la especie.*
- *Edición de un videocasete y una colección de diapositivas divulgativas.*
- *Realización de una campaña divulgativa dirigida a los profesionales de la pesca marítima y a la población escolar de los principales puertos pesqueros gallegos.*

El Programa se ha desarrollado en las temporadas de nidificación de 1988 y 1989, para el trabajo de campo (censos y encuestas), y los cursos escolares 88-89 y 89-90 para la campaña divulgativa.

ESTRUCTURA DO PROGRAMA

I. ESTUDIO DE CAMPO

i. Censos.

Realizouse a revisión das colonias de cría nas tempadas de cría 1988 e 1989. Os seus resultados discútense en adiante

ii. Enquisas

Entrevistouse a unha poboación superior ós 300 mariñeiros, das que se conseguiron 105 enquisas válidas.

iii. Conteo de aves abeiradas

Visitáronse novamente as ribeiras con incidencia coñecida (segundo os censos de campañas anteriores) en aves abeiradas.

II. CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN

A campaña foi dirixida a dous sectores: as poboacións mariñeiras, especialmente naquiles portos con frotas que faenan en caladeiros preto de colonias ou estacionamentos de Araos e ó público en xeral. No primeiro caso tense empregado maiormente o material gráfico e audiovisual especialmente deseñado. No segundo, as entrevistas e reportaxes en medios de comunicación social.

Téñense visitado a práctica totalidade das Confrarías (Organizacións de Pescadores) das localidades de interés.

A demanda de actos divulgativos obrigou á prolongación da campaña en centros de ensino ó longo de dous cursos escolares.

ESTRUCTURA DEL PROGRAMA

I. ESTUDIO DE CAMPO

i. Censos.

La revisión de la situación de las colonias se ha realizado en las temporadas de cría 1988 y 1989. Sus resultados se discuten más adelante.

ii. Encuestas.

Se ha entrevistado a una población superior a los 300 marineros, de los que se han extraído 105 encuestas válidas.

iii. Recuentos de aves orilladas.

Las playas con mayor incidencia de aves orilladas (según censos de años anteriores) han sido visitadas de nuevo.

II. CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN

El diseño de la campaña ha dirigido principalmente el esfuerzo a dos sectores: las poblaciones marineras, especialmente aquellas con flotas que faenan en caladeros próximos a colonias o estacionamientos de Araos, y al público en general. En el primer caso se ha utilizado fundamentalmente el material gráfico y audiovisual diseñado al efecto. En el segundo las entrevistas y reportajes en los medios de comunicación social.

Se ha visitado la práctica totalidad de las Cofradías (Organizaciones de Pescadores) de las localidades de interés.

La demanda de actos divulgativos ha obligado a prolongar la campaña en centros de enseñanza a lo largo de dos cursos escolares.

III. CAMPAÑA INSTITUCIONAL

Efectuaronse xestións ante as Autoridades Autonómicas (Consellerías de Pesca, Agricultura, Ordenación do Territorio e Presidencia da Xunta de Galicia). Apresetáronse as conclusións definitivas e as propostas de actuacións contidas no presente informe ás Consellerías de Pesca e de Agricultura.

O Programa Arao foi presentado na reunión do Grupo Ibérico de Aves Mariñas celebrada en Formentera do 29 ó 31 de Outubro de 1988. Nela adoptouse, como Conclusión Proteccionista, a recomendación ó Goberno Español para a protección dos últimos reductos do Arao ibérico.

O I Congreso Galego de Ornitoloxía (Santiago, 1989) e III Congreso do Grupo Ibérico de Aves Mariñas (Oleiros, 1990) recolleron nas súas conclusións a preocupación pola situación da especie.

III. CAMPAÑA INSTITUCIONAL.

Se han realizado gestiones ante las Autoridades Autonómicas (Consellerías de Pesca, Agricultura, Ordeación do Territorio y Presidencia de la Xunta de Galicia). Se ha presentado a los Conselleiros de Pesca y Agricultura las conclusiones definitivas y propuestas de actuaciones recogidas en el presente documento.

Se ha presentado el Programa Arao en la reunión del Grupo Ibérico de Aves Marinas celebrada en Formentera del 29 al 31 de Octubre de 1988. En la misma se adoptó, como Conclusión Proteccionista, la recomendación al Gobierno español para la protección de los últimos enclaves de Arao ibérico.

El I Congreso Galego de Ornitoloxía (Santiago 1989) y el III Congreso del Grupo Ibérico de Aves Marinas (Oleiros, 1990), recogieron en sus actas la preocupación por la situación de la especie.

RESULTADOS

CENSOS

Visitáronse as zonas de cría potencial alomenos en dúas ocasións durante o período de nidificación en Galicia. As zonas seleccionadas foron tanto aquelas que posúen colonias na actualidade como as xa desaparecidas (véxase o Anexo III). Cada colonia foi visitada por terra, mar ou ambos dous, en función das súas características. A climatoloxía da primavera do ano 1988 caracterizouse pola súa pluviosidade e abundancia de tormentas, o que influeu negativamente nos resultados dos censos naquela tempada. Porén, 1989 contou cun inverno e primavera bonancibles, polo que os censos se realizáron en moi boas condicións. Por iso considérase que os resultados conxuntos das dúas tempadas 1988 e 89 ofrecen unha visión axustada á realidade do estatus da especie nas colonias ibéricas. Os datos son os seguintes:

RIBADEO-RIA DE FERROL:

Revisáronse, malia os datos negativos de anos recentes^{3,4,5,7} as illas Farallóns e Coelleira, na provincia de Lugo sen resultados positivos. Na da Coruña visitáronse por terra Os Aguillóns do Cabo Ortegal, con resultado negativo. Tampouco se atoparon Araos nidificantes en A Gabeira (San Andrés de Teixido, Cedeira) nen nas Gabeiras (Doniños, Ferrol).

RIA DE ARES-CABO VILAN:

Prospectáronse tódolos illotes e cantís axeitados entre a Ría de Ares-A Coruña e A Coruña-Cabo Vilán. As localidades con resultados positivos foron as xa coñecidas das Illas Sisargas e o illote Vilán de Fora, no cabo dese nome.

CENSOS

La visita a las zonas potenciales de cría ha sido realizada en, a lo menos, dos ocasiones durante el periodo de nidificación de la especie en Galicia. Las zonas seleccionadas han sido tanto las que poseen colonias actualmente como las ya desaparecidas (vease Anexo III). En cada colonia se realizaron visitas por tierra, mar o ambos en función de sus características. La climatología de la primavera del año 1988 se ha caracterizado por su pluviosidad y abundancia de tormentas, lo que influyó negativamente en los resultados de los censos para esa temporada. Sin embargo 1989 contó con un invierno y primavera bonancibles, por lo que los censos se realizaron en muy buenas condiciones. En todo caso, se considera que los resultados conjuntos de las dos temporadas 1988-89, ofrecen una visión ajustada a la realidad del estatus de la especie en las colonias gallegas. Los resultados son los siguientes:

RIBADEO-RIA DE FERROL:

Se revisaron, pese a los datos negativos de años recientes^{3,4,5,7} las islas de Farallóns y Coelleira en la Provincia de Lugo sin resultados positivos. Ya en la de A Coruña, fueron visitados por tierra Os Aguillóns del C. Ortegal con resultado negativo. Tampoco se encontraron Araos nidificantes en A Gabeira (S. Andrés de Teixido, Cedeira) ni en As Gabeiras (Doniños, Ferrol).

RIA DE ARES-CABO VILAN:

Se prospectaron los islotes y cantiles idóneos entre Ría de Ares-A Coruña y A Coruña-Cabo Vilán. Las localidades con resultados positivos fueron las ya conocidas

ILLAS SISARGAS: Colonia actual. Foi visitada inicialmente o 25 de xuño de 1988, cando había 10 individuos posados no illote Magnánimo -visible con fiabilidade desde a illa principal- en actitude de cría. Visitada posteriormente (9-10 de xullo), en condicións climatolóxicas adversas, non se viron aves no Magnánimo pero sí 10 individuos no mar, durante unha circunnavegación ás illas. Na última semana de xuño de 1989 estaban presentes 11 individuos no Magnánimo. Estes datos suxiren unha cifra máxima de 5 parellas niñificantes para as I.Sisargas.

CABO VILÁN: Colonia actual situada nos illotes Vilán de Fora e Vilán de Dentro, situados ó NO do Cabo Vilán (Camariñas, A Coruña) e preto do faro. Trátase dunha colonia imposible de censar por completo desde terra. O censo de 1988 foi moi deficiente debido ás adversas condicións climatolóxicas: visitouse o 2 de xunio de 1988 por terra, podendo observar 3 exemplares na única grieta visible. Días máis tarde tentouse unha visita por mar, da que houbo que desistir ante o vento do NO e a forte oleaxe. Nova visita o 14 de xullo, tan só se observaron 3 individuos no mar, ningún no illote. O mal tempo que estivo presente no resto da tempada de cría dese ano impediu confirmar a cifra exacta de niñificantes.

Porén, en 1989 foi posible desembarcar nos illotes o 11 de xuño, podéndose visita-la colonia detidamente. Así, contabilizáronse 14 adultos e dous polos, polo que pode calcularse un máximo de 7 parellas. Nos 150 minutos da observación rexistráronse alomenos catro entradas de adultos á repisa. Os datos su-

colonias de las I.Sisargas y el islote de Cabo Vilán.

ISLAS SISARGAS: Colonia actual. Visitada inicialmente el 25 de junio de 1988; 10 individuos posados en el islote Magnánimo -que puede ser observado con fiabilidad desde la isla principal- en actitud de cría. En una visita posterior (9-10 de julio), en unas condiciones climatológicas más adversas, no se observaron aves en el Magnánimo, pero sí 10 individuos en el mar, durante una circunnavegación a las islas. En la última semana de Junio de 1989 estaban presentes 11 individuos en el Magnánimo. Estos datos sugieren una cifra máxima de 5 parejas nidificantes para las I.Sisargas.

CABO VILÁN: Colonia actual. Islotes rocosos (Ite. Vilán de Fora e Vilán de Dentro) situados frente al faro. Se trata de una colonia imposible de censar adecuadamente desde tierra. Los resultados censuales de 1988 fueron muy deficientes por las condiciones climatológicas imperantes: Visitado el 2 de junio de 1988 por tierra, observándose 3 ejemplares en la única grieta visible desde el cantil. Se repitió la visita por mar en unas condiciones sumamente adversas, con viento NO y fuerte oleaje que impidió acercarse suficientemente. Nueva visita el 14 de julio; se observan tan solo 3 ejemplares en el mar, ninguno en el islote. Las malas condiciones climáticas a las que se alude más arriba, imposibilitaron confirmar la cifra exacta de nidificantes.

En la temporada de 1989, la colonia fue visitada por mar el 11 de junio, pudiéndose inspeccionar detenidamente ambos islotes. Tras descender a ellos se contabilizaron 14 adultos y 2 pollos, calculándose un máximo de 7 parejas. En los 150 minutos

poñen unha diminución drástica da colonia, reducida xa a un número testimonial de parellas. Visitas efectuadas na tempada de 1990 confirmaron a tendencia.

CABO VILÁN - FISTERRA - RÍA DE AROUSA:

Nesta liña de costa non se coñecen referencias anteriores de cría de Arao, como así o confirmaron os recorridos da liña de costa.

RÍA DE AROUSA - DESEMBOCADURA DO RÍO MIÑO:

ILLAS CÍES: A poboación suxerida por Bárcena en 1985 para istas illas era de 2 parellas, concentradas en Punta Cabalo I. Cíes Norte. En visita feita no 30 de Maio de 1988 non se poido observar ningún exemplar tras permañecer por unha hora na área de Pta.Cabalo. Repetíuse a visita o día 12 de xuño, sen conseguir observar exemplares, nen na visita por mar de unha hora frente a Pta.Cabalo nen na travesía desde Vigo -o que era habitual anteriormente. Un percorrido en terra durante duas horas pola zona de costa idónea -Cova do Inferno e arredores- non deu resultados positivos.

Porén, é de salientalo o feito de recoller observacións de Araos, probablemente inmaduros na súa maioría, nas travesías de Bueu ás illas de Ons (antiga colonia⁴), anque non se encontraron nelas restos de cría. En total observáronse 13 individuos o 10 de Xullo de 1988; un adulto e un polo, con restos de plumón, preto das Ons o día 19 do mesmo mes e ano.

O 15 de xunio de 1989 efectuouse unha nova circunnavegación ás illas, con

de la visita se registraron al menos cuatro entradas de adultos a la repisa. Los datos expuestos suponen una disminución drástica de la colonia, reducida ya a un número prácticamente testimonial de parejas. Visitas efectuadas en 1990 confirmaron la tendencia.

CABO VILÁN - FINISTERRE - RÍA DE AROUSA:

En esta línea de costa no se conocen referencias anteriores de nidificación de Arao. Los recorridos de la línea de costa así lo confirmaron.

RÍA DE AROUSA - DESEMBOCADURA DEL RÍO MIÑO:

ISLAS CÍES: La población sugerida por Bárcena en 1985 para estas islas es de 2 parejas, concentradas en Punta Cabalo (I. Cíes Norte). En visita efectuada el 30 de mayo de 1988 no se pudo observar ningún ejemplar, después de permanecer durante una hora en el área de Pta.Cabalo. Se repitió la visita el 12 de junio, sin conseguir observar ningún ejemplar, ni en la travesía hasta la isla -como era habitual el poder hacerlo en años anteriores- ni en una hora de observación desde el mar frente a Pta.Cabalo. Un recorrido en tierra durante dos horas por la zona de costa idónea, Cova do Inferno y alrededores, no arrojó ningún resultado positivo.

Es destacable, en cambio, el hecho de recoger observaciones de Araos, probablemente inmaduros en su mayoría, en las travesías de Bueu a las islas de Ons (antigua colonia⁴), aunque no se encontró en estas rastro de cría. En total se observaron 13 individuos el 10 de julio de 1988; un adulto y un pollo, cerca de las Ons con restos de plumón el día 19 del mismo mes

resultado negativo.

Cabe interpretar estes feitos como unha divagación dun número sumamente reducido de parellas niñificantes dentro dun sistema insular (Cíes-Ons), caracterizado por ser dúas localidades idóneas separadas por poucas millas en liña recta. En todo caso é suliñable a evidente precariedade da poboación niñificante da Galicia Sul.

PORTUGAL.

Os datos obtidos para a única colonia portuguesa das illas Berlengas (e a máis meridional para *Uria aalge albionis*) corresponden á guardería do Parque que comunicou unha cifra en torno ás 75 parellas, segundo se recolleu na visita ás illas efectuada o 15 de xunio de 1989 por un biólogo do Programa Arao .

Estes resultados coinciden co exhaustivo censo de 1981-82³ (75 parellas) que é cantidade notablemente inferior as 6.000 parellas de 1948¹⁵.

En todo caso é de suliña-la precariedade da poboación niñificante en Galicia.

Avaliación global de Censos:

Os datos recollidos indican a tendencia declinante da poboación Ibérica de *Uria aalge* (ver figuras 1.1 e 1.2)

y año.

El 15 de junio se efectuó una nueva circunnavegación a las islas, con resultado negativo.

Cabe interpretar estos hechos como una divagación de un número sumamente reducido de parejas nidificantes dentro de un sistema insular (Cíes-Ons), caracterizado por la existencia de dos localidades idóneas separadas por pocas millas de travesía en línea recta.

En todo caso es destacable la evidente precariedad de la población nidificante en la Galicia.

PORTUGAL.

*Los datos obtenidos para la única colonia portuguesa, en las Ilhas Berlengas (y la más meridional para *Uria aalge albionis*) corresponden a la guardería del Parque, que comunicó una cifra en torno a las 75 parejas al biólogo del Programa Arao que visitó las islas el 15 de junio.*

Estos resultados coinciden con el exhaustivo censo de 1981-82 (75 parejas)³ y es una cantidad notablemente inferior a las 6.000 parejas de 1948¹⁵. En todo caso los datos parecen evidenciar la inminencia de una posible desaparición del Arao de las aguas de Iberia, al Sur de su área de dispersión.

Evaluación global de Censos:

*Los datos recogidos parecen indicar la continuación de la tendencia declinante de la población ibérica de *Uria aalge* (ver figuras 1.1 y 1.2).*

PARELLAS NIÑIFICANTES POR COLONIA / PAREJAS NIDIFICANTES POR COLONIA					
ANOS	< 1948	1960	1975	1982	1989
COLONIAS					
Cabo Bares	*	50	*	0	0
Cabo Ortegal	*	500	*	0	0
Punta do Limo	*	50	*	0	0
Ría de Ares	*	*	6-8	0	0
Is. Sisargas	330	*	16	6	5
Cabo Vilán	*	150	*	32	11
I. Ons	*	36	0	0	0
Is. Cíes	*	400	> 12	4	0
Is. Berlengas	6000	*	*	75	70?

*: Cantidade imprecisada

Fig. 1.2
Na figura obsérvase a evolución das colonias ibéricas das que existen datos coñecidos.
En la figura se observa la evolución de las colonias ibéricas de las que existen datos conocidos

PARELLAS NIÑIFICANTES EN GALICIA PAREJAS NIDIFICANTES EN GALICIA




Fig. 1.1
Evolución da cría de Arao dos cons en Galicia
Evolución de la cría de Arao común en Galicia.

INSPECCION COSTEIRA

Efectuáronse visitas ás praias coa meirande de ocorrencia nas Inspección Costeira de Aves Abeiradas (ICAP) realizadas no 1982, empregando a mesma metodoloxía. Os resultados non diferiron significativamente dos daquela.

ENQUISAS

As enquisas, das que se acompaña o impreso empregado, foron realizadas a mariñeiros coa máxima experiencia pesqueira posible. No segundo lugar procurouse acadar unha mostra representativa da variedade das artes de pesca de cada porto, desde as artes selectivas coma o *palangre* ata artes indiscriminadas como o cerco de *xaretas*, *volantas*, *trasmallos* e *arrastres*¹.

A colaboración foi satisfactoria. Os mariñeiros de máis idade amosan un razoable bo coñecemento das aves mariñas habituais na súa zona. Soen distinguir ben entre os álcidos, porén, as respostas referidas ó Arao deben interpretarse como *Uria aalge*/Alca torda, pola imposibilidade de asegurar que tódolos enquisados distinguían ambas especies.

Algunhas das preguntas tiñan unha intención dispersiva cara a cuestións secundarias, buscando respostas sinceras nas cuestións chave (relación entre a poboación de Araos e as actividades humanas).

RESULTADOS

1. CONTAMINACIÓN. Un 94% dos entrevistados declaran notar máis contaminación no mar hoxe.

2. RELACIÓN CONTAMINACIÓN-

INSPECCION COSTERA

Se efectuaron visitas a las playas con mayor ocurrencia de Inspección Costera de Aves Orilladas (ICAP) realizado en 1982, utilizando la misma metodología. Los resultados no difieren significativamente de los encontrados entonces.

ENCUESTAS

Las encuestas, cuyo impreso se acompaña, fueron realizadas a marineros con la máxima experiencia pesquera posible. En segundo lugar se procuró obtener una muestra representativa del espectro de artes de pesca de cada puerto, desde artes selectivas, como el palangre, a artes indiscriminadas como el cerco de jaretas, volantas, trasmallos y arrastres¹.

*La colaboración ha sido satisfactoria. Los marineros de edad muestran un razonablemente buen conocimiento de las aves marinas habituales en su zona. Suelen distinguir bastante bien entre los álcidos, pero las respuestas referidas al Arao deben interpretarse como *Uria aalge*-Alca torda, por la imposibilidad de constatar con seguridad en cada encuestado si distinguía ambas especies.*

Algunas de las preguntas tenían intención dispersiva, buscando el conseguir respuestas sinceras a las cuestiones clave (relación entre la población de Araos y las actividades humanas).

RESULTADOS

1. CONTAMINACIÓN. Un 94% de los entrevistados declaran notar máis contaminación en el mar actualmente.

2. RELACIÓN CONTAMINACIÓN-AVES MARINAS: Mayoritariamente

AVES MARIÑAS: Relacionan maioritariamente (76%) unha dependencia entre a maior taxa de contaminación (en especial por crús petrolíferos) e a diminución de aves mariñas. O 13% non ve relación, un 8 non sabe e o 3% non contesta a pregunta.

3. OBSERVACIÓN DE ARAOS: A xeneralidade (83%) ve Araos/Alcas preto da costa máis que mar adentro (5-15 millas), un 11 nos cantos e o 6% nas viaxes. Un pequeno número chega a especificar a presenza de Araos en distintas zonas coas épocas do ano.

4. COMPORTAMENTO DOS ARAOS: A maioría (79%) observa ás aves en faena de pesca. Probablemente este feito estea influído polo uso tradicional da observación de aves pescando ('*aradas*') para a detección de bancos de pesca. Un 6% as lembra desplazándose e un 15% en descanso.

5. ALIMENTACIÓN DOS ARAOS: Probablemente o feito exposto no epígrafe anterior explique a precisión amosada por unha elevada porcentaxe de entrevistados na descripción da alimenta-

(76%) encuentran que existe una dependencia entre la mayor tasa de contaminación (en especial aluden a los crudos petrolíferos) y la disminución de aves marinas. El 13% no ve relación; el 8% no sabe y el 3% no contesta la pregunta.

3. OBSERVACIÓN DE ARAOS: La generalidad (83%) ve Araos/Alcas cerca de las costas más que mar adentro (5-15 millas). Un 11% las observa en los caladeros y un 6% en desplazamiento. Un pequeño número llega a especificar la presencia de Araos en distintas zonas con épocas del año.

4. COMPORTAMIENTO DE LOS ARAOS: La mayoría (79%) manifiestan observar a las aves en tareas de pesca. Probablemente pese en esta apreciación el uso tradicional de la observación de aves pescando ('*aradas*'), para la detección de bancos de pesca. Un 6% las ve desplazándose y un 15% en descanso.

5. ALIMENTACIÓN DE LOS ARAOS: Probablemente el hecho que se expone en el punto anterior explique la precisión que exhibe un notable porcentaje de los entrevistados en la descripción de la alimentación de

Táboa / Tabla nº 1.1

ALIMENTACIÓN de <i>Uria aalge</i>	
ESPECIE	%
Sardiña / Sardina <i>Sardina pilchardus</i>	39,34
Parrocha (Sardina juv.)	21,31
Piñón / Peñón <i>Aterina presbiter/boyeri</i>	8,20
Muxe / Múgíl <i>Chelon labrosus</i>	7,10
Xurel / Jurel <i>Trachurus trachurus</i>	5,46
"Peixe pequeno" / "Pescado pequeno"	5,46
Bocarte / Anchoa <i>Engraulis encrasicolor</i>	4,92
Anguía / Anguilla <i>Anguilla anguilla</i>	1,64
Trancho / Espadín <i>Sprattus sprattus</i>	1,09

ción da especie e afíns.

6. EPOCAS DE OBSERVACIÓN: A pesares de que a invernada ofrece os maiores continxentes de álcidos nestas costas, á maior parte dos mariñeiros resúltanlle máis doados de observar na primavera e comezos do verán, o que pode estar relacionado coa superior actividade do período reprodutor.

7. ABUNDANCIA DE ARAOS: A opinión xeral (89%) é que se ven moito menos ca "antes". Coincídese en sinalalo o comenzo do declive coa década dos '60.

8. EXISTENCIA DE COLONIAS: A maior aproximación ós datos reais dáse nas zonas de Ortegaleira e A Coruña-C. Vilán., mentres que no resto dos sectores hai máis diversidade entre os entrevistados, así como entre os entrevistados e a realidade. Probablemente débese este feito á maior familiaridade da xente de mar na zona na que os Araos son máis abondosos.

Os mariñeiros de idade dos portos próximos á que foi meirande colonia galega de Arao, Os Aguillóns de C. Ortegaleira, lembran ben a importancia da mesma.

9. SACA DE OVOS: Tan só os mariñeiros de máis idade de Ortegaleira y Malpica saben da saca de ovos coma unha actividade habitual no pasado. Mencionanse cifras ben variábeis, desde 10-15 ovos a 2-3 centos (mariñeiros do C. Ortegaleira).

A técnica consistía nunha primeira vista á colonia para elimina-los ovos chocos. Tras deixar facer unha posta de reemplazo, visitábase de novo a colonia, especialmente por rapaces de 12 a 15 anos de idade. Estes, provistos dunha

la especie y afines.

6. EPOCAS DE OBSERVACIÓN: A pesar de que la invernada ofrece los mayores contingentes de álcidos en estas costas, a la mayoría de los entrevistados les resultan más perceptibles en primavera y comienzos del verano. Esto puede estar relacionado con la mayor actividad en el período reproductor.

7. ABUNDANCIA DE ARAOS: La opinión general (89%) es que se observan sensiblemente menos que "antes". En general se coincide en señalar el comienzo del declive en la década de los '60.

8. EXISTENCIA DE COLONIAS: Hay una mayor aproximación a los datos reales en las zonas de Ortegaleira y A Coruña-C. Vilán., mientras que en resto de los sectores se observa una mayor disparidad entre los entrevistados, así como entre las respuestas que dan y la realidad. Probablemente este hecho se deba a la mayor familiaridad de la gente de mar en la zona en que los Araos son más abundantes.

Los marineros de edad de los puertos próximos a la que fue mayor colonia galega de Arao, Os Aguillóns de C. Ortegaleira, recuerdan bien su importancia.

9. EXTRACCIÓN DE HUEVOS: Solamente los marineros de mayor edad de Ortegaleira y Malpica citan la saca de huevos como una actividad regular. Se mencionan cifras de huevos extraídos muy variables, desde 10-15 a dos o tres centenares (marineros de C. Ortegaleira).

La técnica consistía en una primera visita a la colonia para arrojar todos los huevos al agua. Tras esperar a que se efectuara una puesta de reemplazo, la colonia era visitada de nuevo, especialmente por niños de 12 a 15 años de edad. Estos, provistos de una malla de red reco-

ENQUISTA SOBRE A APARICION DE AVES MARIÑAS EN ARTES DE PESCA

Sociedade Galega de Historia Natural / Sociedad Española de Ornitología
Grupo Habitat / Grupo Erva

PROGRAMA ARAO



1. Mascato / 2. Corvo Mariño real / 3. Corvo mariño cristado / 4. Gaivota prateada / 5. Gaivota escura / 6. Gaivota tridáctila / 7. Arao dos Cons / 8. Arao loro / 9. Arao pirla / 10. Merdeiro / 11. Pardela / 12. Paíño

CONTAMIÑACION

- ¿Nota máis contaminación no mar hoxe? _____ V: Verdadeiro F: Falso
- ¿Cree que ten isto algunha relación co número de aves mariñas?
1. SI 2. NON 3. NON SEI

SI OBSERVA ARAOS DOS CONS

- ¿Onde os observa?
 - Perto da costa
 - No canto
 - Nas viaxes
- Os ARAOS están:
 - A pescar
 - A desplazarse
 - A descansar
- No caso de observar aves á pesca ¿qué peixes capturaban? _____
- ¿En qué época observa as meirandes cantidades? Recuadre os meses.
XAN FEB MAR ABR MAI XUN XUL AGO SEP OCT NOV DEC
- ¿Cántos ARAOS observa actualmente?
 - Máis que antes
 - Igual que antes
 - Menos que antes
- ¿Coñece algunha colonia de cría de ARAO na zona?
 - Non
 - Sí, existe aínda hoxe
 - Sí, xa desaparecida
- Si contestou SI a (8), ¿cántas parellas calcula que hai/houbo? _____
- Si se sacaba ovos, ¿recorda cuántos se podían coller de cada volta? por favor, escriba o número aproximado: _____
- Si os ARAOS xa non crían hoxe ou baixou a cantidade ¿a qué cree que é debido esto? _____

12. Os patróns da zona, séguense a guiar polas "aradas" 1. Sí
2. Non
3. Non sei
13. ¿Cázanse moitos ARAOS na zona? 1. Sí
2. Non
3. Non sei
14. ¿Qué aves mariñas se comen na zona? _____

AVES ENMALLADAS:

- ¿APARECEN AVES ENMALLADAS?: _____ V: Verdadeiro F: Falso
- SÍ VERDADEIRO:
- ¿QUE ESPECIES?: _____
- ¿EN QUE CANTIDADE?: _____
- ¿EN QUE TIPO DE ARTE?: 1. Palangre 2. Trasmallo/veta 3. Nasa 4. Arrastre
- ¿EN QUE DATA OU EPOCA DO ANO?:
- XAN FEB MAR ABR MAI XUN XUL AGO SEP OCT NOV DEC

AVES ANELADAS:

- ¿APARECEN AVES ANELADAS?: _____ V: Verdadeiro F: Falso
- SÍ VERDADEIRO:
- ¿POSUE VOSTEDE ALGUNHA ANELA? _____ V: Verdadeiro F: Falso
- SÍ VERDADEIRO:
- ¿TEN OS DATOS GRABADOS NA ANELA? (é MOI IMPORTANTE que os transcriba correctamente, son de GRAN axuda): _____
- ¿EN QUE DATA A/S ATOPOU? DIA _____ MES _____ ANO _____
- ¿DE QUE AVE MARIÑA A/S RECOLLEU? _____
- ¿EN QUE LUGAR A/S ATOPOU?: _____ CONCELLO _____
- ¿RECOLLEUNA VIVA E SE CEIBOU MAIS TARDE?: _____ V: Verdadeiro F: Falso
- ¿RECOLLEUNA VIVA E MORREU LOGO? _____ V: Verdadeiro F: Falso
- ¿ESTABA MORTA?: _____ V: Verdadeiro F: Falso
- EN CASO DE MORTE ¿COÑECE AS CAUSAS?: _____

NOTA.- Unha vez coñecido a orixe da ave anelada, comunicaranse os resultados ó comunicante.

OBSERVACIONES/OUTROS DATOS: _____

TIPOS DE ARTES DE PESCA EMPREGADOS:

ARTES: _____ LONXITUDE: _____ MALLA: _____

ZONA ONDE FAENA: _____ HORARIOS DE CAPTURAS: _____

DATOS DO COMUNICANTE:

NOME: _____ EDADE: _____ ANOS FAENANDO: _____

ENDEREZO: _____ LOCALIDADE: _____

TELEFONO: _____ CONCELLO: _____ DATA: _____

mallas de rede, recollían os ovos frescos. Non semella ser unha actividade moi intensiva, en todo caso estaba limitada a contadas familias de Cariño* e outras localidades preto do Ortegal en épocas de fame, especialmente nos anos 40 e 50.

10. MORTANDADE: Anque a maioría dos entrevistados relaciona a diminución de aves mariñas e contaminación, un número significativo, pola súa experiencia, alude, de maior a menor importancia ó maior esforzo pesqueiro, á caza e á saca de ovos.

gían los huevos frescos. No parece que fuera una actividad intensiva, en todo caso estaba limitada a contadas familias de Cariño y otras localidades cercanas a C.Ortegal en épocas de hambruna, especialmente en las décadas de los 40 y 50.*

10. MORTANDAD: Aunque la mayoría de los entrevistados achaca la disminución de aves marinas a la mayor contaminación, un número significativo por su experiencia alude, en orden descendente, al mayor esfuerzo de pesca, a la caza y a la saca de huevos.

Táboa / Tabla nº1.2**DECREMENTO Uria aálge: CAUSAS**

CAUSA	%
Contamiñación / Contaminación.....	54,13
Escasez Pesca.....	24,77
Enmalle.....	5,50
Saca ovos / Extracción huevos.....	3,67
Caza desde embarcación.....	2,75
Ns/Nc.....	9,18

11. AS "ARADAS": Este e o nome polo que se chamaban ós grupos de araos á pesca. Os patróns de pesca empregábanas como referencia para o achádego de zonas de faena. Os mariñeiros de idade media ou madura saben ben do seu significado, ó contrario dos máis novos; porén todos coinciden en que xa non se empregan, ben por ser menos fre-

11.LAS "ARADAS": Este es el nombre que recibían las agrupaciones de araos cuando se reunían a pescar. Los patrones de pesca las utilizaban para la búsqueda de zonas de faena. Los marineros de edad media o superior conocen su significado (al contrario de los más jóvenes), pero todos coinciden en que ya no se usan, bien por ser menos frecuentes, por

* O Programa Arao agradece especialmente a D.Vicente Pérez Fernández (Chente) de Cariño, a información sobre ista actividade de nos Aguillóns
O Programa Arao agradece especialmente a D.Vicente Pérez Fernández (Chente) de Cariño, a información sobre ista actividade de nos Aguillóns

cuentas, polo uso de sondas e outros métodos de pesca ou por ámbalas dúas cousas.

12. CAZA DE AVES MARIÑAS: A maioría (66%) afirma que non son cazadas na súa zona mentres que o 28% opina que si.

En resposta a si se comen aves mariñas, mencionanse as proporcións da táboa que segue. Moi secundariamente figuran ós álcidos.

13. AVES ENMALLADAS: Dentro do termo enmalle inclúese as artes de

el uso de sondas y otros métodos o por ambas razones.

12. CAZA DE AVES MARIÑAS: La mayoría (66%) manifiesta que no se cazan en su zona, mientras que el 28% opina que si.

En respuesta a la cuestión de si se comen aves marinas se mencionan los datos de la tabla que sigue. Muy secundariamente figuran los álcidos.

13. AVES ENMALLADAS: Dentro del término enmalle se incluyen las artes de línea palangre, etc.). El 85% afirma que

Táboa / Tabla nº1.3

CAZA DE AVES DESDE EMBARCACIÓN	
ESPECIE	%
Phalacrocorax aristotelis/carbo	30,00
Sula bassana	23,91
Puffinus/Calonectris	18,70
Uria/Alca	15,65
Anas/Aythya	5,65
Larus spp.	3,04
Rissa tridactyla	1,73
Sterna spp.	0,87
Melanitta spp.	0,43
Otras.....	0,02

¹ Principalmente Larus argentatus

liña (palangre, etc). O 85% afirma que o enmalle dase decote. As aves e os aparellos responsables recollense nas táboas 1.4 e 1.5.

Como se pode observar, os álcidos non son máis que unha porcentaxe baixa do total das aves mortas por artes de pesca.

el enmalle es un fenómeno frecuente. Las aves afectadas y los aparejos responsables se recogen en las tablas 1.4 y 1.5.

Como se puede observar, los álcidos representan un porcentaje moderado del total de las aves muertas por artes de pesca.

Táboa / Tabla nº1.4

AVES CAPTURADAS EN ARTES DE PESCA	
ESPECIE	%
Phalacrocorax aristotelis/carbo	33,59
Sula bassana	16,79
Larus spp.	9,16
Puffinus/Calonectris	6,11
Uria/Alca	3,05
Melanitta spp.	3,05
Anas/Aythya	0,76
Ns/Nc.....	27,49

Con respecto ás artes involucradas destacan con moita diferenza as de mallas costeiras, especialmente o Trasmallo, a Veta e afíns.

Respecto a las artes de pesca involucradas, destacan con mucha diferencia las de mallas costeras, especialmente el Trasmallo la Veta y sus afines.

Táboa / Tabla nº1.5

ARTES DE PESCA	
ESPECIE	%
Trasmallo / Veta	62,90
Palangre.....	19,35
Arrastre.....	11,29
Cerco.....	6,45
Otros.....	0,72

14. AVES ANILLADAS: Un 51,52% afirma que encontrou algunha. No hay datos dabondo sobre especies/causas de recuperación.

15. EXPERIENCIA DOS ENQUISTADOS: \bar{x} = 38,09 anos (DS = 15,87); experiencia máxima, 58; experiencia mínima 2.

14: AVES ANELADAS: Un 51,52% afirma haber encontrado alguna. No hay suficientes datos sobre especies/causas de recuperación.

15. EXPERIENCIA DE LOS ENCUESTADOS: \bar{x} = 38,09 años (DS = 15,87); experiencia máxima 58, experiencia mínima 2.



**CAUSAS DA REGRESIÓN DO
ARAO IBÉRICO**

**CAUSAS DE LA REGRESIÓN DEL
ARAO IBÉRICO**

CAUSAS DA REGRESIÓN DO ARAO IBERICO

Tense apuntado un conxunto de factores como posibles causas da diminución da especie en Iberia^{3,4,5,7}. Revísanse a continuación as que semellan ser máis preocupantes. Dividiranse en **artificiais** e **naturais** a efectos de discusión.

ARTIFICIAIS: Inclúense nelas as de orixe antrópica.

1.CAPTURA: Para consumo humano ou caza deportiva. Ambas dúas poden ter sido importantes localmente. Hai constancia de colleitas de ovos nas colonias e capturas de adultos nos arredores. Tense rexistrado notables matanzas desde embarcación, especialmente no entorno da Ría de Vigo, dado o nulo control que se fai desta actividade. Na actualidade pode seguir a ser unha ameaza, pero a colleita para consumo humano semella ter pasado á historia.

2. ARTES DE PESCA. Os resultados das enquisas e mailos datos obtidos -véxase p.25- amosan que a morte de álcidos é frecuente en redes

CAUSAS DE LA REGRESIÓN DEL ARAO IBERICO

Se ha apuntado un conjunto de factores como posibles causas de la disminución de esta especie en Iberia^{3,4,5,7}. Se revisan a continuación los que resultan más preocupantes. Se dividirán en **artificiales** y **naturales** a efectos de su discusión.

ARTIFICIALES Se incluyen entre ellas todas las de origen antrópico.

1.CAPTURA. Para consumo humano o en caza deportiva. Ambas pueden haber supuesto amenazas serias localmente. Hay constancia de capturas de huevos y pollos recogidos en las colonias o adultos capturados en sus inmediaciones. La caza deportiva ha aportado, dado el nulo control de la que se efecta desde embarcaciones, conocidas matanzas, especialmente en la ría de Vigo. En la actualidad la caza puede seguir siendo una amenaza, pero la recolección para alimentación humana parece haber pasado a la historia.

2.ARTES DE PESCA. Los resultados de los datos recogidos -véase p.25- indican que la muerte de álcidos es frecuente en redes, así como en



Fig.1.3:Saca de Ovos / Extracción de Huevos
Actividade practicada ata os anos 60.Actividad practicada hasta los años 60

* Nas colonias de Ortegá (Os Aguilóns) e Malpica (Is.Sisargas).
En las colonias de Ortegá (Os Aguilóns y Malpica (Is.Sisargas).

e incluso en artes de pincho como o palangre e o curricán (arrastre de anzós desde embarcación a baixa velocidade).

É suliñable que o declive do Arao en

artes de pincho como el palangre y el curricán (arrastre de anzuelos desde una embarcación a baja velocidad). Es de destacar que el comienzo del declive del Arao




Fig.1.4: Competencia pola pesca
O excesivo esforzo de pesca perto das colonias obriga ás aves a desplazamentos pouco rentables enerxéticamente. El excesivo esforzo de pesca en las cercanías de las colonias obliga a las aves a desplazamientos poco rentables energéticamente.

Iberia coincide coa expansión da frota pesqueira nos anos 60, tanto en tonelaxe coma en equipamento¹. Así, a sonda introdúcese de xeito xeralizado a partir de 1956, o **maquinillo hidráulico** en 1965 e o **radar** en 1971. O **nilón** emprégase xeneralizadamente nas redes desde 1961. Estes factores, xunto coa crecente potencia nas máquinas, motivaría un maior esforzo pesqueiro.

Cítanse casos de Araos capturados por pesca de ribeira con cana. Aínda que a súa influencia no declive das colonias pode suporse anecdótica, a súa práctica preto de colonias cunha poboación tan reducida pode ser importante.

3.PESCA CON EXPLOSIVOS. Ilegalmente frecuente en moitas partes da costa galega, sábese das mortandades que causa entre as aves mariñas á pesca preto do banco afectado. É moi difícil avalía-la súa importancia pola lóxica dificultade de obter datos fiables.

4.CONTAMINACIÓN POR PRODUCTOS PETROLÍFEROS. Frente ás costas atlánticas de Portugal e Galicia

en Iberia coincide con la expansión de la flota pesquera en los años 60, tanto en tonelaje como en equipamiento¹. Así la **sonda** se introduce de forma generalizada a partir de 1956, el **halador hidráulico** en 1965 y el **radar** en 1971. El **nilón** se generalizó en fabricación de redes desde 1961. Todo ello, unido a la mayor potencia de las embarcaciones, redundaría en un mayor esforzo de pesca.

Se citan casos de capturas de Arao por pesca al lanzado desde la costa⁴. Su influencia cabe suponerla meramente anecdótica, pero en una población tan reducida como la que nos ocupa, el uso de estas artes cerca de las colonias puede ser perjudicial.

3.PESCA CON EXPLOSIVOS. Utilizada ilegalmente en muchas partes de la costa gallega, se sabe que causa frecuentemente mortandad entre las aves marinas que se hallen pescando en el banco afectado. Resulta de difícil evaluación por la lógica dificultad de obtención de datos fiables.

4.CONTAMINACIÓN POR PRO-

circula un intenso tráfico marítimo, mercante e pesqueiro. A maior parte faino a menos de 20 millas da costa. Ademais, existe unha refinería de petróleo na Coruña, asteleiros en Ferrol e Vigo e unha importante flota pesqueira ó longo da costa.

Todas estas actividades xeneran frecuentes polucións, por accidente ou manipulación e produciron desde os anos 70 al menos catro importantes catástrofes¹⁹ e un sinnúmero de incidentes menores, afectando ás colonias e as zonas de invernada de Araos.

Foron aquelas:

- 1970: Polycommander, Ría de Vigo
- 1975: Jakob Maers, Oporto.
- 1976: Urquiola, Ría da Coruña.
- 1978: Andros Patria, I.Sisargas.

O resultado destas catástrofes foi o verquido de miles de toneladas de petróleo e outros produtos tóxicos, afectando a unha cantidade indeterminada de aves mariñas.

É sabido que o grupo que máis sofre nestes incidentes é o dos álcidos: Camphuysen²³ propón os seguintes índices de vulnerabilidade ó petróleo: Uria aalge 82, Alca torda 86, mentres que para Phalacrocorax aristotelis é de 73.

DUCTOS PETROLÍFEROS. Frente a las costas de Portugal y Galicia circula un intenso tráfico marítimo, tanto mercante como de pesca. La mayor parte lo hace a menos de 20 millas de la costa. Además existe una refinería de petróleo en A Coruña, astilleros en Ferrol y Vigo y una

importante flota pesquera distribuida por toda la costa.

Todas estas actividades frecuentemente generan poluciones, por accidente o manipulación. Desde comienzos de los '70 se registraron al menos cuatro accidentes gravísimos¹⁹ y un sinnúmero de sucesos menores, afectando al área de cría e invernada del Arao en Iberia. Fueron aquellas:

- 1970: Polycommander, Ría de Vigo.
- 1975: Jakob Maers, Oporto.
- 1976: Urquiola, Ría de A Coruña.
- 1978: Andros Patria, I.Sisargas

El resultado de estas catástrofes fue el vertido de miles de toneladas de petróleo y otros productos tóxicos, afectando a una cantidad indeterminada de aves marinas.

Es conocido que el grupo que sufre más en estos incidentes es el de los álcidos. Camphuysen²³ propone los siguientes índices de vulnerabilidad al petróleo: Uria aalge 82, Alca torda 86, mientras que para Phalacrocorax aristotelis es de 73. En el caso del Atlántico peninsular, se



Fig.1.5: As mareas negras / Las mareas negras
A polución por petróleo ameaza a escasa poboación de Araos. La polución por petróleo amenaza la escasa población de Araos

No caso do Atlántico peninsular rexístrase unha porcentaxe de ácidos petroleados superior (58,3%) ó dos contaminados mares británicos⁸.

Aínda máis, probablemente a maior parte destes casos débese a malas prácticas de manexo da actividade cotiá do home no mar: lavado de tanques, vertidos deliberados, etc, como o suxiren as observacións rexistradas. Se é este un factor preocupante nas grandes colonias do Norte de Europa, nas de Iberia resulta dramático, dado que ó baixo número de parellas niñificantes únese a baixa taxa de reprodución da especie (pon un só ovo).

Conclusiones: Semella improbable que estes factores foran os únicos determinantes da situación actual do Arao ibérico. Outras especies con requirimentos ecolóxicos parecidos, coma o Corvo mariño cristado, afectados en principio polos mesmos condicionantes negativos, atópase nun excelente momento reproductor en Galicia.

NATURAIS:

As debidas a cámbios de orixe natural.

Como os outros seres vivos, as aves mariñas están suxeitas ás fluctuacións e cambios do medioambiente. Estes pódense deber a cámbios nas **características fisicoquímicas** do medio, a modificacións na **oferta trófica** ou á **competencia interespecífica**. De feito coñécense fenómenos de cámbios masivos en poboacións de aves mariñas²² en periodos de tempo limitados. Non son doados de comprender, aínda tendo en conta a capacidade de desprazamento destes ani-

registra un porcentaje (58,3%) superior de ácidos petroleados al de los contaminados mares británicos⁸.

Pero probablemente la mayor parte de estos casos se deban a incidentes derivados de la actividad diaria del hombre en el mar: lavado de tanques, vertidos deliberados, etc, como las observaciones acumuladas lo sugieren. Si este factor es preocupante en las grandes colonias del Norte de Europa, en las de Iberia resulta dramático, dado que a la baja tasa de reproducción de la especie (pone un único huevo) se une la escasa entidad de la población nidificante.

Conclusiones: En todo caso parece dudoso que estos factores hayan sido los únicos determinantes de la situación actual del Arao ibérico. Hay especies de requerimientos ecológicos semejantes, afectadas en principio por los mismos condicionantes negativos, como el Cormorán moñudo, que en cambio se encuentra en un excelente momento reproductor en Galicia.

NATURALES:

Las debidas a fluctuaciones de origen natural.

Como cualquier otro ser vivo, las aves marinas están sujetas a las fluctuaciones y modificaciones del medioambiente. Estas pueden deberse fundamentalmente a cambios en las características fisicoquímicas del medio, a modificaciones en la oferta trófica o a la competencia interespecífica. De hecho se conocen fenómenos de cambios masivos de poblaciones de aves marinas²² en periodos de tiempo limitados. No son fácilmente comprensibles, aún teniendo en cuenta la capacidad de desplazamiento de estos

mais. Contamos, por desgracia, cun coñecemento ben limitado dos factores relacionados.

De tódolos xeitos hai aspectos que merecen discutirse en particular:

1. COMPETENCIA INTERESPECÍFICA: Tense dada unha notoria expansión de certos láridos (Gaivotas) na derradeira década, o que podería ter motivado algún desprazamento de Araos por competencia polos sitios de niño coa Gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*) ou por predación coa Gaivota prateada (*Larus cachinans*) aínda que non semella que puidese ser este un factor decisivo para a diminución da especie.

